CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

# ACTA 2025-3

**PRIMEIRA CONVOCATORIA**

**XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA**
**20 de Febreiro de 2025**

**Lugar**
**SALA DE COMISIÓN DO CONCELLO**

**Hora de Inicio**
**10:09**

**Hora de Finalización**
**10:23**

Presidente: VICENTE GÓMEZ GARCÍA
Secretario: SANTIAGO DE LORENZO TABOADA
Interventor: .

**MEMBROS ASISTENTES**
JOSE RAMON LOPEZ PEREZ
LUCIA GIL CID
MARIA DEL MAR VALLE ALVAREZ

Pola Presidencia declarase aberta a sesión e, en relación cos asuntos previstos na orde do día da misma, adoptáronse os seguintes

## A C O R D O S :

### 1º. APROBACION, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESION DO 17.02.2025 (ACTA 2025/2)

A acta apróbase por unanimidade.

### 2º. ORDE DO 14 DE XANEIRODE 2025, DA CONSELLERÍA DE PRESIDENICA, XUSTIZA E DEPORTES, POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES QUE REGULAN AS SUBVENCIONS PARA A CREACION E/OU MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS, DOTACIONS, INSTALACIONS E EQUIPAMENTOS VINCULADOS Á PRESTACIÓN DE SERVIZOS MUNICIPAIS PARA O ANO 2025. (PR486A)

Seguidamente o Sr. Alcalde pasa a dar conta ós presentes da **Orde** da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes de data **14 de xaneiro de 2025**, pola que se anuncian axudas económicas destinadas a subvencionar a creación ou **mellora das infraestruturas**, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á **prestación de servizos municipais** destinados aos concellos de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano **2025.**

Tralo que a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA:**

**PRIMEIRO.** Aprobar o **anteproxecto** da **obra** para a que se solicita subvención, a saber: **"Pavimentación e infraestruturas en Rúa Canceliña, en Nocedo do Val"**, de acordo có seguinte:
Documento técnico: **Anteproxecto.**
Autor: María Cristina Sabariz Rúa.

SANTIAGO DE LORENZO TABOADA (1 para 2)
SECRETARIO-INTERVENTOR
Data de Sinatura: 25/02/2025
HASH: 3faf1338a39dcfdccdc4b996d23393d16

Vicente Gómez García (2 para 2)
ALCALDE-PRESIDENTE
Data de Sinatura: 25/02/2025
HASH: 6a601c68e4c3fb49815e493b57dad226

Cod. Validación: 6JX59HHNX54Y9D3J3LNENDPGZ
Corrección: https://castrelodoval.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 3

CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

Data: Febreiro de 2025.
Orzamento base de licitación: **47.119,07 euros**.
Orzamento total (inc. Honorarios técnicos): **50.000,00 euros**.
Actuacións contempladas: Obras de adecuación de infraestruturas de abastecemento, saneamento e pluviais; e de pavimentación posterior.

Consecuentemente, recabar o regulamentario **informe dos Servizos Técnicos municipais** sobre o documento técnico que se ven de aprobar e, de acordo có contido do mesmo, solicitar no seu caso as autorizacións sectoriais pertinentes para que chegado o momento a actuación poida ser regulamentariamente contratada e executada.

**SEGUNDO.** Solicitar á **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes** unha subvención, ao abeiro da orde de referencia, para a realización de ditas actuacións e aceptar as condicións de financiamento e demáis requisitos establecidos nela.

**TERCEIRO.** Comprometerse a realizar a achega municipal necesaria. O Concello comprométese a garantir un financiamento suficiente e estable para unha eficaz e eficiente execución das actuacións. Para este efecto, habilitará as aplicacións orzamentarias necesarias que serán certificadas polo secretario-interventor.

**CUARTO.** Facultar de xeito expreso ao Alcalde, Vicente Gómez García, para a sinatura de toda a documentación precisa.

**3º. RESOLUCION DO 7 DE FEBREIRO DO 2025 DA AXENCIA GALEGA DE TURISMO, POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS PARA A CONCESION DAS SUBVENCIONS A CONCELLOS DE ATA 10.000 HABITANTES PARA ACTUACIONS DE MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS TURISTICAS EN 2025 (TU503D)**

O Sr. Alcalde pasa a dar conta da **Resolución** da **Axencia de Turismo de Galicia**, do 7 de febreiro de 2025 (DOG núm. 35, do 20/02/2025) pola que establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das subvencións a concellos de menos de 10.000 habitantes, para actuacións de **mellora das infraestructuras turísticas**, e se establece a súa convocatoria para o ano **2025** (**TU503D**)

Seguidamente, dáse conta da **"Memoria da sinalización da ruta dos carboeiros"**, cun **orzamento** de execución material de 22.993,18 euros + 4.828,57 euros de IVE; o que representa un **total de 27.824,75 euros IVE incluido.** Máis honorarios técnicos de 1.800,00 euros + 378,00 de IVE; **total honorarios 2.178,00 euros IVE incluido**. O que representa un **orzamento total de 29.999,75 euros.**

Tralo que a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA:**

Cod. Validación: 6JX59HHNX54Y9D3J3LNENDPGZ
Corrección: https://castrelodoval.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 3

CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

**PRIMEIRO**: Aprobar a memoria da actuación para a que se solicita subvención, a saber: **"Memoria da sinalización da ruta dos carboeiros"**, cun **orzamento** de execución material de 22.993,18 euros + 4.828,57 euros de IVE; o que representa un **total de 27.824,75 euros IVE incluido.** Máis honorarios técnicos de 1.800,00 euros + 378,00 de IVE; **total honorarios 2.178,00 euros IVE incluido**. O que representa un **orzamento total de 29.999,75 euros.**

**SEGUNDO**.Solicitar subvención ao abeiro da Resolución pola que establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das axudas para actuacións de **mellora das infraestructuras turísticas**, para o proxecto denominado: **"Memoria da sinalización da ruta dos carboeiros"**, cun **orzamento total de 29.999,75 euros)**

**TERCEIRO**: Aceptar expresamente as condicións de financiamento e demáis requisitos establecidos nas bases reguladoras desas subvencións e comprometerse a financiar o importe da actividade que non resulte subvencionado ao abeiro desta convocatoria ata o importe total da execución prevista segundo a documentación que se achega coa solicitude.

**CUARTO**: Manifestar que as actuacións obxecto de solictude de subvención non estaban iniciadas con data 1 de xaneiro de **2025** e que este Concello ten plena dispoñibilidade sobre os terreos e inmobles sobre os que se van desenvolver as actuacións; o que garantiza a permanencia da actuación subvencionada durante un período que, como mínimo, permita o cumprimento das obrigas previstas na Resolución de referencia.

E ó non ser outro o obxecto deste acto, remata a sesión estendéndose esta acta, que o Sr. Presidente asina conmigo, o secretario, que dou fe.

O Presidente | O Secretario

Cod. Validación: 6JX59HHNX54Y9D3J3LNENDPGZ
Corrección: https://castrelodoval.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3